

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA TURISMO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 30 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións á cooperación entre pequenos operadores turísticos para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento e a comercialización do turismo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, establece entre os fins que persegue a lei, aos cales a Administración autonómica acomodará as súas actuacións, a promoción e o estímulo dun sector turístico galego competitivo, de calidade e accesible, e a promoción de Galicia como destino turístico de calidade, con garantía do seu tratamento unitario na difusión interior e exterior dos recursos do país.

A Axencia Turismo de Galicia créase en virtude da autorización contida na disposición adicional cuarta da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, como unha axencia pública autonómica, que terá como finalidade impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Entre os obxectivos básicos da Axencia están o desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade; a potenciación do turismo como un factor de crecemento económico, a valorización dos recursos turísticos; o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

O Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado pola Comisión Europea mediante a Decisión de execución C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015, establece diversas medidas dirixidas á mellora da calidade de vida nas zonas rurais e á diversificación da economía rural. Esas medidas están financiadas, igual que as restantes que integran o PDR, polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) nun 75 %, xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia nun 22,5 % e da Administración xeral do Estado, Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (Magrama), nun 2,5 %.

No artigo 6 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de *minimis*, regúlanse as obrigas de publicidade previstas na lexislación de *minimis*.



Dado que a promoción do desenvolvemento rural galego debe abordarse desde unha perspectiva integral, prevese o apoio a actuacións de diferente natureza que a Axencia Turismo de Galicia vai materializar a través da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva.

Esta resolución ten como obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións á cooperación entre pequenos operadores para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento e a comercialización do turismo.

Esta actuación encádrase dentro da medida 16.3 do PDR de Galicia 2014-2020 destinada á cooperación entre pequenos operadores para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento e a comercialización do turismo.

A través da dita actuación fomentarase a coordinación entre pequenos operadores económicos das áreas rurais para permitirles adquirir en común unha escala económica da que carecen individualmente. O requisito destas iniciativas é que a participación destes axentes estea vinculada a microempresas e que o proxecto teña unha orientación comercial.

Con estas subvencións prestarase apoio a aquelas actividades que poñan en valor e dinamicen economicamente as zonas rurais a través da oferta conxunta de dous ou máis operadores turísticos.

Estas subvencións, no correspondente aos fondos propios, financiaranse con cargo aos créditos orzamentarios da Axencia Turismo de Galicia asignados para esta finalidade, e conforme o establecido sobre medidas de fomento no artigo 94 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, en concordancia co sinalado no artigo 95 da dita lei e tendo en conta o determinado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

De acordo co anterior

RESOLVO:

Primeiro. *Convocatoria e bases reguladoras*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión das subvencións da Axencia Turismo de Galicia, en réxime



de concorrencia competitiva, destinadas á cooperación entre pequenos operadores para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento e a comercialización do turismo, así como efectuar a súa convocatoria para o ano 2016.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito ao Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

Segundo. *Solicitudes*

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude expresando claramente o título do proxecto, axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 5.5 das bases reguladoras.

2. As solicitudes deberán presentarse da forma e no prazo establecidos no devandito artigo 5 das bases reguladoras.

Terceiro. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

O procedemento de concesión non poderá ter unha duración superior aos cinco meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

Cuarto. *Información aos interesados*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia Turismo de Galicia, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia: <http://turismo.xunta.es>

b) Os teléfonos 981 54 74 04 e 981 54 63 64 e o fax 981 54 63 71 da devandita axencia.



c) Enderezo electrónico: xerencia.turismo@xunta.es

d) Presencialmente.

Quinto. *Réxime de recursos*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Dirección da Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2016

P.A. (Artigo 19.6 do Decreto 196/2012; DOG núm. 193, do 9 de outubro)

M^a Elena Barca Ramos

Xerente da Axencia Turismo de Galicia

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións á cooperación entre pequenos operadores turísticos para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento e a comercialización do turismo

Artigo 1. *Obxecto e réxime das subvencións*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o fomento da cooperación entre pequenos operadores turísticos para colaborar na organización de procesos de traballo conxuntos e compartir recursos de cara ao desenvolvemento e á comercialización do turismo.



2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

3. Os proxectos subvencionables consistirán no deseño, creación, promoción e comercialización de produtos turísticos de Galicia.

4. As actividades deberán ser realizadas no ámbito rural de Galicia, entendido como tal o ámbito de aplicación do PDR de Galicia.

A definición de zona rural realizarase por eliminación daquelas zonas consideradas densamente poboadas (urbanas) en cada territorio. No caso de Galicia, só teñen a consideración de zonas urbanas os sete concellos dos núcleos de poboación máis grandes da Comunidade Autónoma (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela).

A delimitación destas zonas onde se debe realizar a actividade está definida a nivel de parroquia en función da densidade da poboación (só serán elixibles as parroquias definidas como rurais ou intermedias para os efectos da aplicación do Feader).

5. Os produtos turísticos terán carácter innovador e deberán axustarse a algunha das liñas temáticas seguintes:

A) Produtos cabeceira de marca de Galicia.

Os produtos cabeceira de marca de Galicia, que se relacionan a continuación poden ser consultados na páxina web oficial de promoción turística, na epígrafe denominada «experiencias» <http://www.turgalicia.es/goza-destas-experiencias>

– Camiño de Santiago. Inclúense nesta epígrafe os produtos que articulen unha proposta de aloxamentos coordinados entre si para realizar por etapas os distintos camiños de Santiago en Galicia, incluíndo servizos de manutención e *transfers* que faciliten un paquete integral aos usuarios turísticos.

Así mesmo e de conformidade co previsto no desenvolvemento do actual Plan director do Camiño de Santiago, acción «Máis alá do Camiño», incluírase a creación e promoción de paquetes turísticos que incentiven os peregrinos a quedar en Galicia para coñecer outros aspectos da oferta turística distinta á do Camiño de Santiago.



Estas propostas ofrecerán experiencias para coñecer Galicia unha vez rematado o Camiño e impulsarán a diversificación das canles de comercialización dos produtos turísticos dirixidos aos peregrinos.

- Bosques de Galicia (natureza).
- Mananciais de Galicia (termalismo).
- Paseando entre viñedos (enogastronomía).
- Turismo mariñeiro.
- Ruta das camelias (xardíns de Galicia).
- Faros e praias salvaxes.
- Patrimonio oculto.
- Santuarios máxicos.

B) Produtos destinados á creación de oferta de turismo familiar.

Ás actuacións propostas deberanse incluír aloxamentos que ofrezan cuartos familiares, xantares que recollan menús infantís e actividades adaptadas a estes colectivos. Igualmente poden ser subvencionados os paquetes turísticos en campings ou albergues xuvenís, sempre que ofrezan unidades de aloxamento pensadas especificamente para familias, xunto cun programa de lecer axeitado a esta demanda. O público obxectivo destas ofertas será o composto por familias con nenos menores de 14 anos.

C) Produtos destinados á creación de oferta para o turismo senior.

A oferta debe comprender produtos que recollan especificamente o sector de idade a partir dos 55 anos. Neste caso os programas estarán enfocados a viaxes individuais, de parellas ou de pequenos grupos, con carácter diferenciador.

D) Produtos destinados á xeración dunha oferta distintiva que se acomode ao concepto «que facer en Galicia cando chove».



Actuacións de promoción da realización de actividades turísticas que se poidan levar a cabo tendo en conta a frecuente inclemencia meteorolóxica da choiva en Galicia. O sentido desta liña promocional é ofrecer aos turistas que visitan Galicia un cartafol de produtos e opcións que fagan atractivo o destino á marxe das inclemencias climatolóxicas (turismo de compras, etc.).

E) Produtos innovadores e de descubrimento de novos nichos de mercado.

Creación de produtos innovadores no mercado turístico e que aínda non se desenvolveron en Galicia ou teñan unha escasa oferta. Poderán ser subvencionables as actividades de turismo ornitolóxico, de visualización nocturna dos ceos, de actividades de turismo deportivo non convencionais, de aventura, de degustación gastronómica en rutas especialmente preparadas, de cicloturismo, de turismo industrial, de aloxamentos que acepten mascotas, etc.

F) Creación de rutas turísticas innovadoras.

Oferta integral de aloxamentos e servizos de manutención, guías ou folletos de auto-guiado para a oferta de servizos turísticos combinados que posibiliten o percorrido de rutas por Galicia que teñan un carácter altamente diferenciador da oferta existente. Así, as rutas de compras, a ruta das árbores senlleiras, a senda dos faros polo litoral de Galicia, sendas para bicicletas todo terreo polas mellores paisaxes e miradoiros de Galicia, servizos combinados que prevexan o tren como elemento de transporte alternativo, rutas en moto, ruta das praias naturistas, etc.

G) Produtos construídos baixo a idea da cultura celta de Galicia.

Actuacións de desenvolvemento comercial e turístico do celtismo. Nesta liña temática poderanse deseñar produtos que baseándose neste substrato cultural aposten por esta liña promocional. Así, pódense propoñer rutas polos castros máis salientables, a artesanía e o deseño baseado nas estéticas castrexas, a música celta, a cosmogonía e os altares célticos, etc.

H) Produtos baseados na creación de fins de semana, pontes ou outros períodos temporais de carácter temático.

Creación de ofertas especiais de carácter temático; como por exemplo fins de semana gastronómicas, semana musical con concertos en directo, cursos de diversa índole (eno-



loxía, cociña, idiomas, artesanía...), mes do teatro, da maxia, encontros literarios, turismo de compras, degustacións de produtos de tempada, ecolóxicos, catas de queixos e viños, etc.

Artigo 2. *Gastos subvencionables*

1. Consideranse gastos subvencionables aqueles en que incorra a entidade solicitante con posterioridade á presentación da solicitude de axuda, como consecuencia da realización de proxectos acordes cos requisitos e criterios indicados neste artigo.

2. Serán gastos subvencionables os seguintes custos de investimentos e funcionamento:

a) Edición de folletos e/ou outros soportes que se vaian usar para a promoción e difusión dos produtos turísticos para comercializar obxecto desta subvención (material publicitario, *merchandising*, etc.).

b) Gastos relacionados coa organización de xornadas e realización de campañas de promoción específicas dos paquetes e servizos turísticos ofertados (publicidade en medios de comunicación convencionais, internet, revistas especializadas, etc.).

c) Viaxes de promoción e familiarización do destino Galicia, en relación cos paquetes e servizos turísticos para comercializar obxecto desta orde de subvención (gastos de xestión, aloxamentos, manutención, transportes, entrega de materiais promocionais, etc.).

d) Desenvolvemento das TIC na xestión, promoción e comercialización da oferta turística.

e) Material inventariable: adquisición de equipos e equipamento estritamente necesarios para a realización da actuación e posta en marcha dos novos produtos propostos (bicicletas, parques infantís, material deportivo, educativo, equipamento de oficina, envases e *packaging*, etc.).

f) Material funxible: adquisición de materiais funxibles ou compoñentes precisos para a execución do proxecto, debidamente xustificadas.

g) Prestación de servizos por parte de monitores especializados para desenvolver as actividades propostas.



h) Asistencias técnicas de apoio ao deseño, creación, promoción e comercialización de produtos turísticos.

3. En ningún caso serán obxecto de subvención os gastos de xuros debedores en contas bancarias, os derivados de recargas e sancións administrativas e penais.

De conformidade co disposto no PDR de Galicia 2014-2020, o IVE non será subvencionable excepto cando non sexa recuperable conforme a lexislación estatal.

4. Os proxectos non poderán estar iniciados na data de presentación da solicitude da axuda e só serán subvencionables os custos efectuados con posterioridade á presentación da solicitude de axuda en tempo e forma ao abeiro desta convocatoria.

Artigo 3. *Financiamento e concorrencia*

1. Ás subvencións obxecto desta resolución imputaranse un crédito de 666.667 euros á aplicación orzamentaria 04 A2 761A 770.0, proxecto 2016 00007, cofinanciada nun 75 % por fondos Feader, nun 22,5 por fondos propios da Comunidade Autónoma e nun 2,5 % con fondos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, de conformidade co disposto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o cal poderá dar lugar á posibilidade de atender novas solicitudes que poderán comportar a subvención oportuna, de acordo coa orde de incoación dos expedientes.

Nestes casos o órgano concedente deberá publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios nos que publicou a convocatoria, sen que esta publicación implique unha apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo dos prazos para resolver.

2. A intensidade da axuda acadará o 70 % do custo elixible subvencionable. A contía da axuda non superará o importe máximo de 30.000 euros.

3. Ao estar este réxime de axudas suxeito ao Regulamento (UE) 1407/2013 relativo ás axudas *de minimis*, deberase garantir que, no caso de recibir os beneficiarios outras axudas baixo este réxime *de minimis*, non se supera o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda *de minimis* ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia



os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2 do citado regulamento.

4. As subvencións reguladas nestas bases están financiadas con fondos Feader e, polo tanto, serán incompatibles con calquera outra axuda que, para o mesmo proxecto ou finalidade leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e da súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros...). Tamén serán incompatibles con outras axudas encadradas en calquera dos outros eixes do PDR.

5. Non obstante, é posible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade, pero o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 4. *Beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os requisitos establecidos nestas bases, e de conformidade co establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as empresas do sector turístico de Galicia que se agrupen para colaborar e que estean inscritas conforme establece a normativa turística, no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (en diante, REAT), segundo os artigos 50 e 51 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, que teñan a condición de microempresas e sexan entidades privadas autónoma galegas situadas no ámbito rural de Galicia, constituídas baixo calquera forma xurídica admisible, co obxecto de practicar de xeito efectivo a colaboración na súa actividade comercial, con domicilio social ou sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A definición das zonas rurais realizarase por eliminación daquelas zonas consideradas densamente poboadas (urbanas) no seu territorio. No caso de Galicia, só teñen esa consideración os sete concellos dos núcleos de poboación máis grandes da Comunidade Autónoma (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela).

3. Para efectos das axudas *de minimis* conforme a normativa aplicable, enténdese por empresa calquera entidade que exerza unha actividade económica, con independencia da súa natureza xurídica e da súa forma de financiamento.



4. As empresas obxecto de subvención non deberán estar vinculadas entre si. Considéranse vinculadas as empresas entre as cales existe algunha das seguintes relacións:

a) Unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios doutra empresa.

b) Unha empresa ten o dereito a nomear ou revogar a maioría dos membros do órgano de administración e dirección ou o control doutra empresa.

c) Unha empresa ten o dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato celebrado por ela ou dunha cláusula estatutaria da segunda empresa.

d) Unha empresa accionista doutra ou asociada a outra controla soa, en virtude dun acordo celebrado con outros accionistas ou socios da segunda empresa, a maioría dos votos dos seus accionistas ou socios.

e) Así mesmo, consideraranse empresas vinculadas as que manteñan algunha das ditas relacións a través dunha persoa física ou un grupo de persoas físicas que actúen en común acordo, se as ditas empresas exercen a súa actividade ou parte dela no mesmo mercado de referencia ou mercados contiguos.

f) Consideraranse «mercados contiguos» o mercado dun produto ou servizo situado na posición inmediatamente anterior ou posterior do mercado en cuestión.

En relación con estas bases reguladoras, a definición de «pequenos operadores» enténdese conforme o disposto no PDR de Galicia 2014-2020 que dispón que serán beneficiarias desta submedida as microempresas, tal e como aparecen definidas no artigo 2 do anexo I do Regulamento 651/2014, do 14 de xuño de 2014, polo que se declaran diversas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado do funcionamento da Unión Europea (TFUE).

Así microempresa é aquela que ocupa menos de 10 traballadores e o seu volume de negocio anual ou balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

Para optar a estas axudas será necesaria a colaboración entre dúas ou máis empresas. Para o caso da comercialización dos paquetes turísticos subvencionados será precisa a intervención dunha axencia de viaxes como empresa agrupada, que en todo caso tamén



deberá estar situada no ámbito rural de Galicia de acordo co establecido no punto 2 deste artigo e coa normativa turística en vigor.

5. Tanto na solicitude coma na resolución de concesión deberán facerse constar os compromisos de execución asumidos por cada empresa, así como o importe de subvención para aplicar por cada unha delas, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En todo caso, deberá nomearse un líder que será o representante único da agrupación, único interlocutor coa Administración en todo o procedemento, e con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

6. As agrupacións rexeranse por calquera instrumento xurídico válido en dereito que as regule, onde se acredite un acordo de vontades de todas as empresas participantes na agrupación. O funcionamento interno da agrupación responderá a criterios de autonomía de xestión, e un dos socios, o líder, asumirá a dirección do proxecto e a representación da agrupación ante a Administración, o cal deberá constar expresamente no instrumento xurídico válido que se realice para ese efecto. O líder recibirá a axuda concedida e será o responsable da súa distribución entre os socios participantes, de acordo coa repartición establecida no orzamento aprobado na resolución de concesión da axuda conforme os seus compromisos de participación nel e coa resolución de pagamento tras a xustificación finalmente admitida pola Axencia Turismo de Galicia.

O instrumento xurídico de regulación da agrupación deberá prever, como mínimo, o seguinte:

a) Acordo de representación da agrupación e elección do seu representante ante a Administración para os efectos de interlocutor con ela e perceptor da axuda, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle correspondan ás empresas agrupadas.

b) Orzamento desagregado por conceptos do investimento que se vai realizar. De ser o caso, achegaranse tres orzamentos de diferentes provedores, co obxecto de atender á moderación de custos propostos conforme o previsto no artigo 48.2.e) do Regulamento de execución (UE) 809/2013 da Comisión, do 17 de decembro de 2013.

c) Compromisos de execución asumidos por cada empresa e o importe de subvención para aplicar por cada unha delas.



d) Compromiso de distribución da axuda percibida polo líder entre todos os participantes da agrupación conforme o gasto aprobado e a resolución de pagamento da Axencia Turismo de Galicia tras a xustificación finalmente admitida.

e) Acordos de confidencialidade.

f) Propiedade, protección legal (patentes) e divulgación dos resultados.

g) Xestión da agrupación, plan de continxencias e distribución de responsabilidades ante posibles dificultades.

7. Esta agrupación non se poderá disolver ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da citada lei.

8. Os requisitos para ser beneficiarios deberán cumprirse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

9. Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable das empresas solicitantes.

Artigo 5. *Solicitudes*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,



utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

3. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.



Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

5. Os interesados presentarán a seguinte documentación:

a) Solicitude de axuda, presentada pola empresa líder do proxecto, cos datos de identificación das empresas participantes segundo o modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución.

b) Memoria explicativa completa da actuación que se vai desenvolver que comprenderá polo menos os obxectivos que se pretenden acadar, fases de execución e os recursos involucrados.

c) Copia compulsada do instrumento xurídico regulador da agrupación establecido no artigo 4.6 destas bases reguladoras.

d) En todo caso, deberán solicitarse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren.

e) Declaracións de conformidade de participación no proxecto, asinadas polos representantes legais de cada unha das empresas da agrupación, en que se outorgue ao líder do proxecto a autorización para presentar a solicitude de axuda no seu nome e canalizar a súa relación coa Administración segundo o modelo normalizado do anexo III.

f) Declaración responsable do representante legal de cada membro da agrupación segundo o anexo IV.

g) Copia compulsada do NIF en vigor da entidade líder que solicita a axuda (só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta).

h) Copia dos NIF en vigor das entidades membros da agrupación (só no caso de que algunha denegue expresamente a súa consulta).

Todo isto sen prexuízo de que se solicite documentación complementaria aclaratoria dos datos que figuren na solicitude.



Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá o interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, e indicarlle que se non o fai se lle terá por desistido da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71 da LRXAP.

Artigo 6. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

3. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estean en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Axencia publicará na súa páxina web



oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

5. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a concesión das axudas reguladas nesta convocatoria á Base de datos nacional de subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

6. Así mesmo, a entidade beneficiaria acepta o sometemento aos controis específicos da Unión Europea reflectidos no Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

Artigo 7. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Axencia Turismo de Galicia. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Axencia Turismo de Galicia, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: estrada Santiago-Noia km 3 (A Barcia) 15897 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a xerencia.turismo@xunta.es

Artigo 8. *Órganos competentes*

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, e correspóndelle á directora da Axencia ditar a resolución de concesión.

Artigo 9. *Instrución dos procedementos*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,



se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desistiu na súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderase requirir o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Os proxectos ou memorias valoradas serán avaliados na Área de Produtos que emitirá un informe ao respecto para que o estude a comisión.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 10. *Comisión de Valoración*

1. As solicitudes serán valoradas en réxime de concorrencia competitiva, conforme os criterios de adxudicación e baremación previstos nestas bases por unha comisión de avaliación que será a responsable de propoñer a resolución final ao órgano competente para resolver.

2. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

- a) A xerente de Turismo de Galicia que a presidirá.
- b) Os/as xefes/as das áreas de turismo provinciais.
- c) O/a xefe/a da Área de Fomento e Desenvolvemento Empresarial, que actuará como secretario/a.
- d) Un representante da Xerencia.
- e) Un representante da Dirección de Promoción.



3. Os/as suplentes serán designados/as pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

4. No informe que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención así como as denegacións, especificándose a avaliación que lles corresponde, segundo os criterios recollidos no artigo seguinte e indicando o importe da concesión que se propón para cada un deles.

5. No caso de existiren solicitudes que non acaden o dereito á subvención en función do baremo aplicado ao terse esgotado o crédito dispoñible, a comisión poderá emitir propostas sucesivas, ben por dispor de crédito por producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente propostos ou ben por incremento do orzamento inicialmente destinado a esta subvención.

Artigo 11. *Criterios de valoración*

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes:

1. Número de empresas superior a dúas: 15 puntos.

2. Pola creación de produtos turísticos que influan na desestacionalización do turismo en Galicia. As datas propostas para os produtos turísticos deberán estar formuladas fóra do período de Semana Santa e dos meses de xullo e agosto: 10 puntos.

3. Que a empresa solicitante acredite o seu compromiso coa calidade turística. Ata un máximo de 15 puntos.

3.1. Acreditando a certificación da marca Q de Calidade Turística do ICTE: 10 puntos.

3.2. Acreditando a súa adhesión vixente para o ano 2016 ao ICTE, no caso de establecementos aínda non certificados co Q de Calidade Turística: 5 puntos.

3.3. Acreditando o distintivo en boas prácticas de compromiso de calidade turística concedido por un destino Sicted (Sistema de calidade turística española en destinos) na Comunidade Autónoma de Galicia: 5 puntos.



Só se puntuará esta epígrafe 3, de contaren todas as empresas agrupadas ou asociadas cos devanditos distintivos de calidade. Cando as certificacións que acredite cada empresa agrupada ou asociada non sexan obxecto da mesma puntuación, atenderase á maior delas.

4. Pola oferta de servizos turísticos accesibles en coordinación con asociacións, fundacións ou outras entidades legalmente constituídas que agrupen colectivos con diversidade funcional: 10 puntos.

5. Por innovación e singularidade: ata un máximo de 50 puntos.

5.1. Pola proposta de realización de campañas promocionais innovadoras e singulares: 30 puntos.

5.2. Pola incorporación de elementos innovadores e singulares nos servizos turísticos propostos: 25 puntos.

Para valorar este criterio, consideráranse innovadoras aquelas propostas que non existen no mercado.

Por outra banda, entenderase que unha proposta é singular cando se distinga no seu deseño e contido con respecto ás xa existentes no mercado ou cando se formulen solucións que utilicen ideas orixinais, novos conceptos ou pensamentos diverxentes.

Os proxectos que se recollen no parágrafo anterior como accións subvencionables poderán acadar unha subvención do 70 % sobre o investimento subvencionable ata unha contía máxima de 30.000 euros.

O resultado da análise plasmarase nun informe que o órgano de instrución elevará, xunto coa proposta de resolución provisional da Comisión de Avaliación, ao órgano competente para resolver.

6. A proposta de resolución expresará de forma motivada a relación de proxectos para os cales se propón a concesión da axuda, coa identificación, en relación a cada proxecto, do beneficiario e importe, e porcentaxe da subvención proposta. De ser o caso, contará cunha lista dos proxectos admitidos que non acadasen subvención polo esgotamento do orzamento dispoñible. Así mesmo, expresará, de xeito motivado, a relación de proxectos para os cales non se propón a concesión de subvención, por falta de documentación, por non reuniren os requisitos.



7. De conformidade co establecido no artigo 6 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 do decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* informarase o beneficiario do carácter *de minimis* desta axuda facendo referencia de forma expresa ao presente regulamento e citando o subtítulo e a referencia da súa publicación no *Diario Oficial de la Unión Europea*.

8. No suposto de que algún beneficiario renuncie á subvención concedida, decaia no dereito á súa percepción ou proceda o reintegro de acordo co previsto nestas bases e na normativa que resulte de aplicación, os créditos liberados poderán asignarse por orde decrecente de puntuación aos proxectos admitidos que non obtivesen subvención por esgotamento do crédito previsto. Actuarase de igual xeito cando, por razóns de dispoñibilidade orzamentaria, se acorde incrementar o crédito máximo inicialmente previsto nesta convocatoria.

Artigo 12. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento, o órgano instrutor formulará proposta de resolución provisional debidamente motivada que será notificada aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

Artigo 13. *Resolución e notificación*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o órgano instrutor elaborará a proposta de resolución definitiva que elevará á directora da Axencia Turismo de Galicia para a súa resolución. Esta proposta conterá a relación de expedientes instruídos, establecida por rigorosa orde de incoación, e nela indicarse o número de expediente, denominación e NIF do representante das empresas agrupadas, data de presentación da solicitude, a actuación subvencionable e a contía da subvención proposta, ou ben a causa da proposta de deneación ou inadmisión, segundo corresponda.



2. A directora, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, o solicitante ao cal se lle concede a subvención, a actuación subvencionada así como a subvención concedida e a súa contía ou, de ser o caso, a causa de inadmisión ou denegación da solicitude.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao/á interesado/a será de cinco meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaia resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nas notificacións indicárase, de modo expreso, que a subvención foi concedida en virtude dun programa cofinanciado polo Feader e o eixe do PDR de Galicia en que se enmarca o proxecto.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

Artigo 14. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente resolución de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.



Artigo 15. *Modificación da resolución*

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, os beneficiarios poderán solicitar a modificación do seu contido antes de que remate o prazo para a realización da actividade.

2. A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. En todo caso, a modificación da resolución de concesión deberá respectar o obxecto da subvención, as actuacións subvencionables e non dar lugar a actuacións deficientes e incompletas.

3. Para a modificación da resolución non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

4. Xunto coa solicitude, os beneficiarios deberán presentar: memoria xustificativa, orzamento modificado e relación e identificación concreta dos cambios introducidos.

5. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola directora da Axencia Turismo de Galicia, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia aos interesados nos termos previstos no artigo 12.

6. Cando os beneficiarios da subvención poñan de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da subvención, e que puidesen dar lugar a modificación da resolución conforme o establecido no artigo 14.1.m) da Lei de subvencións de Galicia, téndose omitido o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da subvención poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

Esta aceptación por parte do órgano concedente non exime o beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme a citada Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 16. *Aceptación e renuncia*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa en contra, entenderase tacitamente aceptada.



2. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo V, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunique que a renuncia en prazo, a directora da Axencia ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da citada lei.

Artigo 17. *Obrigas dos beneficiarios*

Os beneficiarios das subvencións adquiren os seguintes compromisos e obrigas, de conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

a) Cumprir o obxectivo e realizar a actuación subvencionada, de conformidade co presentado ao concurso de subvencións ou, se é o caso, ao modificado coa autorización da Axencia Turismo de Galicia.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou o desfrute da subvención.

c) Manter o investimento durante un período mínimo de cinco anos conforme o establecido no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre a durabilidade das operacións.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Axencia Turismo de Galicia, ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Someterse ás verificacións previstas no Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

f) Comunicarlle á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou



ente público ou privado nacional ou internacional. Estas comunicacións deberanse efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

g) Os beneficiarios deberán dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos na lexislación mercantil e sectorial aplicable coa finalidade de garantir o exercicio adecuado das facultades de comprobación e control, así mesmo deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

h) Os beneficiarios estarán obrigados a levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ao proxecto subvencionado (artigo 66.1.c) do Regulamento (CE) 1305/2013).

i) Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

j) En todas as actividades de información e comunicación que leven a cabo, os beneficiarios deberán recoñecer o apoio do Feader á operación mostrando:

a. O emblema da Unión de acordo coas normas gráficas presentadas na páxina http://europa.eu/abc/symbols/emblem/download_en.htm

b. Unha explicación da axuda Feader por medio da declaración seguinte: «Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, Europa inviste no rural».

k) Durante a realización da operación os beneficiarios informarán o público da axuda obtida do seguinte xeito:

1. Presentando no sitio web do beneficiario para uso profesional, no caso de que exista o dito sitio, unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada á operación en proporción ao nivel de axuda, cos seus obxectivos e resultados e destacando a axuda financeira da Unión.

2. No caso de operacións que reciban unha axuda pública superior a 10.000 euros e en función da operación financiada, colocando polo menos un panel con información sobre a operación dun tamaño mínimo A3, no cal se destaque a axuda financeira recibida da Unión, nun lugar ben visible para o público.



O beneficiario colocará, nun lugar ben visible para o público, un cartel ou placa permanente de tamaño significativo no prazo de tres meses a partir da conclusión dunha operación cando esta consista na compra dun obxecto físico, no financiamento dunha infraestrutura ou en traballos de construción.

Este cartel indicará o nome e o principal obxectivo da operación e destacará a axuda financeira achegada pola Unión.

Os carteis, paneis, placas e sitios web levarán unha descrición do proxecto ou da operación e os elementos, o logotipo do Feader e o lema: «Feader: Europa inviste no rural». Esta información ocupará como mínimo o 25 % do cartel, placa ou páxina web.

3. Todas as publicacións (tales como folletos, prospectos e boletíns) e os paneis que versen sobre actividades cofinanciadas polo Feader, indicarán claramente na páxina de portada a participación da Unión Europea e incorporarán o emblema desta no caso de que tamén se utilicen outros emblemas nacionais ou rexionais. As publicacións incluírán referencias ao organismo responsable do contido e a autoridade de xestión encargada da aplicación da axuda do Feader e/o nacional correspondente.

4. No caso de que a información se ofrezca por medios electrónicos (como en sitios web ou bases de datos para os posibles beneficiarios) ou como material audiovisual, o parágrafo cuarto aplícase por analogía.

Igualmente o beneficiario deberá incluír, nas súas accións promocionais, a marca turística de Galicia. De ser o caso, na páxina web deberá inserir un *banner* cunha ligazón á páxina de promoción turística de Galicia. Nos folletos e outras publicacións deberá incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca deberán descargar de www.turgalicia.es/marca01 os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as indicacións do uso.

Os beneficiarios quedan obrigados a reintegrar, total ou parcialmente, o importe percibido pola subvención concedida, así como os correspondentes xuros de demora devindicados desde o momento do pagamento, nos seguintes casos:

- Por incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.
- Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.



– Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a subvención.

– Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrencia con outras axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera Administración ou ente público ou privado.

– Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

En relación cos xuros de demora deberá aplicarse o previsto no artigo 7 do Regulamento 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014,

«1. No caso de pagamento indebido, o beneficiario quedará obrigado a reembolsar o importe en cuestión ao cal se engadirán, se é o caso, os xuros calculados conforme o disposto no número 2.

2. Os xuros de demora calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o agricultor indicado na orde de recuperación, que non se poderá fixar en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución».

Artigo 18. *Subcontratación*

Poderán ser obxecto de subcontratación, ata o 100 %, as actuacións subvencionadas nos termos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007. En todo caso, quedan fóra da subcontratación aqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao contido desta.

No caso en que se realice a subcontratación, só se considerará gasto subvencionable o custo dos traballadores contratados de conformidade co disposto no artigo 27 e en ningún caso se subvencionará o beneficio da empresa ou entidade que realice a contratación, nin ningún imposto indirecto derivado desta.



«En ningún caso o beneficiario poderá concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da antedita lei.
- b) Persoas ou entidades que percibirán outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.
- c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como a porcentaxe de custo total da operación, salvo que o pagamento estea xustificado coa referencia ao custo de mercado do traballo realizado ou servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias:
 - Que a contratación sexa realizada de acordo coas condicións normais de mercado.
 - Que se obteña a autorización previa do órgano concedente nos termos que se fixen nas bases reguladoras.
- e) Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente».

Artigo 19. *Xustificación da subvención*

1. A entrega da documentación xustificativa de todos os socios deberá realizala o líder do proxecto, que terá de prazo ata o 1 de outubro de 2016 para presentar nos lugares sinalados no artigo 5 destas bases, mediante a modalidade de conta xustificativa orixinal ou copia cotexada da documentación que a seguir se indica:

- a) Solicitud de cobramento asinada segundo o modelo do anexo VI.
- b) Unha memoria completa sobre a actuación subvencionada que indicará claramente o resultado da execución e que incluírá a seguinte información:
 - 1) Fotografías, en soporte dixital ou papel, das actuacións en que conste a colaboración de Turismo de Galicia e a Marca Galicia.



2) Ter cumprido o estipulado no anexo III do Regulamento (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural para o cal se achegarán:

– Fotografías, en soporte dixital ou papel do cartel ou carteis das actuacións, nos cales se aprecie a publicidade de cofinanciamento das actuacións con fondos Feader (75 % da subvención).

– Fotografías, en soporte dixital ou papel da placa ou placas explicativas permanentes coa publicidade sobre o financiamento das actuacións colocada en lugar visible no lugar das actuacións que deberá permanecer cando menos cinco anos.

c) Facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (por exemplo: escritura pública de adquisición de inmobles, contratos, libros contables, etc.), entendendo por tal calquera documento presentado para xustificar que a contabilidade reflicte a imaxe fiel da realidade.

As facturas presentaranse en orixinal e achegarase xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (extractos ou certificacións bancarias) debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No xustificante de pagamento constará o número da factura obxecto de pagamento, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

As facturas deben reunir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Non se admitirán como xustificantes de gasto albarás, notas de entrega, facturas pro forma, tiques cando sexa obrigatoria a expedición de factura, nin as facturas que non conteñan todos os requisitos citados para a súa consideración como tal ou cuxa data non se axuste aos prazos citados.

Unha partida do orzamento auxiliabile poderá xustificarse mediante unha ou varias facturas relativas aos conceptos de gasto incluídos na dita partida, sempre que a dita partida admita a desagregación en distintos conceptos.



d) Anexo VII: modelo de declaracións actualizado. Un por cada empresa membro da agrupación, asinado polo seu representante.

Os gastos xustificadas deberán ter correspondencia clara coas partidas do orzamento aceptadas pola Axencia Turismo de Galicia na resolución de concesión da subvención e responder de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada.

Só se considerará gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na normativa reguladora da subvención.

O investimento xustificado deberá coincidir coa resolución de concesión da subvención ou coas modificacións autorizadas.

Se o beneficiario xustifica conceptos e elementos subvencionables aprobados que representen menos do 60 % do importe do investimento subvencionable entenderase que non acadou os obxectivos propostos na solicitude e, polo tanto, perderá o dereito de cobramento da subvención. Se a xustificación é superior ao 60 %, pero sen acadar o 100 % do investimento subvencionable, percibirá a subvención proporcional correspondente ao investimento xustificado admisible, sempre que cumpra o resto das condicións de concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se concedeu a axuda.

En todo caso, para a determinación das reducións e exclusións aplicarase o establecido no artigo 63 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, que determina o seguinte:

«1. Os pagamentos calcularanse sobre a base dos importes que se consideren admisibles durante os controis administrativos recollidos no artigo 48 (controis administrativos).

A autoridade competente examinará a solicitude de pagamento presentada polo beneficiario e determinará os importes admisibles. Ademais, fixará:

a) O importe que se lle pagará ao beneficiario en función da solicitude de pagamento e a decisión de concesión.



b) O importe que se lle pagará ao beneficiario tras o exame da admisibilidade do custo que figure na solicitude de pagamento.

Se o importe fixado conforme a letra a) do parágrafo segundo supera o importe fixado conforme a letra b) do mesmo parágrafo en máis dun 10 % aplicarase unha sanción administrativa ao importe fixado conforme a letra b). O importe da sanción será igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis alá da retirada total da axuda.

2. A sanción administrativa mencionada no número 1 aplicarase, *mutatis mutandi*, aos gastos non admisibles detectados durante os controis sobre o terreo establecidos no artigo 29. Neste caso, os custos examinados serán os custos acumulados contraídos con respecto á operación de que se trate. Isto entenderase sen prexuízo dos resultados dos anteriores controis sobre o terreo das operacións de que se trate».

2. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido ou a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso, ditarase a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 20. *Pagamento*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da Axencia, antes de proceder ao seu pagamento, realizarán as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración, debidamente xustificada pola entidade beneficiaria, non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

Previamente ao pagamento deberá acreditarse que os beneficiarios están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente



de pagamento débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Para tales efectos, o solicitante deberá achegar as ditas certificacións de estar ao día nas citadas obrigas no caso de denegar expresamente que se soliciten polo órgano xestor, de conformidade co disposto no artigo 6.2. No caso de que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instrutor, consonte o artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, desen como resultado que os beneficiarios teñen débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requirirase o solicitante ou beneficiario para que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

2. De conformidade co disposto nos artigos 45 e 63 do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fonde Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, os beneficiarios destas axudas poderán solicitar un anticipo dun 50 % como máximo da axuda pública correspondente ao investimento.

O pagamento de anticipos estará supeditado á constitución dunha garantía equivalente que corresponda ao 110 % do importe anticipado.

Un instrumento proporcionado como garantía por unha autoridade pública, considerara-se equivalente á garantía mencionada sempre que esa autoridade se comprometa a aboar o importe cuberto pola garantía no caso de que non se establecese o dereito ao importe anticipado.

A garantía liberarase cando o organismo pagador competente xulgue que o importe dos gastos reais correspondentes á axuda pública destinada á operación supera o importe do anticipo.

Artigo 21. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes de conformidade co establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o dis-



posto no Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, en relación á determinación dos xuros de demora.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Tendo en conta o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e este acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade para reintegrar será unha porcentaxe da subvención percibida igual á do tempo de incumprimento da actividade ou requisito exixido (mantemento do emprego, prestación do servizo, mantemento do ben, etc.).

4. No caso de incumprimento dalgunha das obrigas asumidas por un membro da agrupación, o reintegro afectará toda a agrupación.

5. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de sancións previsto no Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

Artigo 22. *Control*

1. A Axencia Turismo de Galicia poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.



3. Igualmente están sometidas ás verificacións previstas no Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 23. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, o programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, será aplicable o réxime de publicidade establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Os interesados poderán facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Malia o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a tres mil euros (3.000 euros), non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Axencia Turismo de Galicia.

Así mesmo, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante, LXS) comunicarase a concesión das axudas reguladas nesta convocatoria á Base de datos nacional de subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

A solicitude para ser beneficiario da axuda levará implícita a autorización, no suposto de que se conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e Sancións dependente da Consellería de Facenda, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na súa solicitude. Non obstante, as persoas ou entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións, cando concorran algunhas das circunstancias previstas na letra d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



As persoas ou entidades interesadas terán, en calquera momento, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos que figuren no Rexistro Público de Subvencións, de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 24. *Remisión normativa*

Aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Na medida en que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras están previstas pola UE, rexeranse polas seguintes normas:

– Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado pola Comisión Europea mediante a Decisión CE (2015) 8144, do 18 de novembro.

– Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

– Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

– Regulamento (UE) 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo.

– Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

– Regulamento 1407/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE ás axudas *de minimis*.





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO II

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS Á COOPERACIÓN ENTRE PEQUENOS OPERADORES TURÍSTICOS PARA ORGANIZAR PROCESOS DE TRABALLO CONXUNTO E COMPARTIR INSTALACIÓNS E RECURSOS, ASÍ COMO PARA O DESENVOLVEMENTO E A COMERCIALIZACIÓN DO TURISMO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO TU983A	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE		
RAZÓN SOCIAL		NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA		LUGAR
<input type="text"/>		<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME COMERCIAL		Nº DE INSCRICIÓN DA EMPRESA NO REAT ¹
<input type="text"/>		<input type="text"/>

¹ Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia


E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PARROQUIA		LUGAR	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CP	PROVINCIA	CONCELLO LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/>

TÍTULO DO PROXECTO
<input type="text"/>

DATOS DO RESTO DE ENTIDADES AGRUPADAS NO PROXECTO			
	RAZÓN SOCIAL	NIF	TIPO DE EMPRESA
EMPRESA 1			
EMPRESA 2			
EMPRESA 3			
EMPRESA 4			
EMPRESA 5			
EMPRESA 6			
EMPRESA 7			
EMPRESA 8			

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: muhv01o0-b490-m0z5-mf93-ucjuik8uc2t1



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO II
(continuación)

LIÑA TEMÁTICA DOS PRODUTOS TURÍSTICOS QUE SE VAN SUBVENCIONAR:

LIÑA TEMÁTICA:	DESCRICIÓN:
<input type="checkbox"/> Produtos cabeceira de marca Galicia	
<input type="checkbox"/> Produtos destinados á creación de oferta de turismo familiar	
<input type="checkbox"/> Produtos destinados á creación de oferta para o turismo senior	
<input type="checkbox"/> Produtos destinados á xeración dunha oferta distintiva que se acomode ao concepto "que facer en Galicia cando chove"	
<input type="checkbox"/> Produtos innovadores e de descubrimento de novos nichos de mercado	
<input type="checkbox"/> Creación de rutas turísticas innovadoras	
<input type="checkbox"/> Produtos construídos baixo a idea da cultura celta de Galicia	
<input type="checkbox"/> Produtos baseados na creación de fins de semana, pontes ou outros períodos temporais de carácter temático	

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Que se compromete a cumprir as obrigas e requisitos que se sinalan no artigo 17 das bases reguladoras.
- Que en relación con outras axudas *de minimis* concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda *de minimis* durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.
- Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas *de minimis* para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

- Que a empresa a que representa cumpre cos criterios de definición de microempresa, segundo a definición establecida no artigo 2 do anexo I do Regulamento 651/2014, do 14 de xuño de 2014, polo que declaran diversas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE.

CVE-DOG: muhv01o0-b490-m0z5-mf93-ucjuik8uc2t1





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO II
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU QUE SE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

- Memoria explicativa completa da actuación que se vai desenvolver que comprenderá polo menos os obxectivos para acadar, fases de execución e os recursos involucrados.
- Copia do instrumento xurídico regulador da agrupación establecido no artigo 4.6 destas bases reguladoras.
- Mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren.
- Declaracións de conformidade de participación no proxecto, asinadas polos representantes legais de cada unha das empresas da agrupación, en que se outorgue ao líder do proxecto a autorización para presentar a solicitude de axuda no seu nome e canalizar a súa relación coa Administración segundo o modelo normalizado anexo III.
- Declaración responsable do representante legal de cada membro da agrupación segundo o anexo IV.

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do NIF en vigor da entidade líder que solicita a axuda (só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta).	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Copia dos NIF en vigor das entidades membros da agrupación (só no caso de que algunha denegue expresamente a súa consulta).	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Axencia Turismo de Galicia, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.
Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorrerón máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Axencia Turismo de Galicia, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a xerencia.turismo@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 30 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións á cooperación entre pequenos operadores turísticos para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento e a comercialización do turismo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data
 , de de



Axencia Turismo de Galicia



SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>




 XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA

ANEXO III

DECLARACIÓN DE CONFORMIDADE DE PARTICIPACIÓN NO PROXECTO E AUTORIZACIÓN A FAVOR DO REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL						NIF	
<input type="text"/>						<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
NOME COMERCIAL				Nº DE INSCRIPCIÓN DA EMPRESA NO REAT ¹			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Que se presenta como membro dunha agrupación que solicita unha axuda para desenvolver o proxecto de cooperación entre pequenos operadores turísticos para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento e a comercialización do turismo:

TÍTULO DO PROXECTO
<input type="text"/>

AUTORIZA A:

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Representante legal ou apoderado da entidade, que actúa como representante da citada agrupación:

NOME DA EMPRESA REPRESENTANTE
<input type="text"/>

Para que no seu nome poida comparecer ante a Axencia Turismo de Galicia co obxecto de solicitar unha axuda para a cooperación entre pequenos operadores turísticos para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento e a comercialización do turismo, canalizando a través desta entidade a miña relación coa Axencia en todas as fases do procedemento administrativo incluída a percepción da axuda, tendo esta o compromiso de distribuír a parte que lle corresponda.

Mediante a sinatura do presente documento, a persoa que autoriza concede a súa representación para a tramitación do procedemento sinalado á persoa autorizada, a cal acepta a súa representación, respondendo ambas da autenticidade das sinaturas.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE MEMBRO DA AGRUPACIÓN QUE AUTORIZA	SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN AUTORIZADA
Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>	



Axencia Turismo de Galicia


 GOBIERNO DE ESPAÑA
 MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

 FEADER:
 Europa invierte no rural
 UNIÓN EUROPEA


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



 XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CADA UN DOS MEMBROS DA AGRUPACIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

Que se presenta como membro dunha agrupación que solicita unha axuda para desenvolver o proxecto de cooperación entre pequenos operadores turísticos para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento e a comercialización do turismo:

TÍTULO DO PROXECTO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

- Que os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan e que facilita ao líder para formulala son certos.
- Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Que se compromete a cumprir as obrigas e requisitos que se sinalan no artigo 17 das bases reguladoras.
- Que en relación con outras axudas *de minimis* concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda *de minimis* durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.
- Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas *de minimis* para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

- Que a empresa a que representa cumpre cos criterios de definición de microempresa, segundo a definición establecida no artigo 2 do anexo I do Regulamento 651/2014, do 14 de xuño de 2014, polo que declaran diversas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Axencia Turismo de Galicia


 GOBIERNO DE ESPAÑA
 MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

 FEADER:
 Europa invierte
 no rural
 UNIÓN EUROPEA


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO V


MODELO DE RENUNCIA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE								
RAZÓN SOCIAL						NIF		
<input type="text"/>						<input type="text"/>		
TIPO DE VÍA		NOME DE LA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				
TELÉFONO		FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

MANIFIESTA
Que o día <input type="text"/> recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi otorgada ao abeiro da Resolución do 30 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións á cooperación entre pequenos operadores turísticos para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento e a comercialización do turismo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016, con clave de expediente <input type="text"/> para o proxecto titulado <input type="text"/> , por unha contía de <input type="text"/> euros.
DECLARA
Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE
Lugar e data
<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>



Axencia Turismo de Galicia




XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO VI

SOLICITUDE DE COBRAMENTO DA SUBVENCIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
RAZÓN SOCIAL			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TÍTULO DO PROXECTO			
<input type="text"/>			
<p>Beneficiario/a dunha subvención concedida ao abeiro da Resolución do 30 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións á cooperación entre pequenos operadores turísticos para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento e a comercialización do turismo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016.</p> <p>PRESENTO a seguinte documentación para a xustificación do investimento subvencionado de acordo co establecido no artigo 19 da antedita resolución:</p> <ul style="list-style-type: none">• Unha memoria completa sobre a actuación subvencionada que indicará claramente o resultado da execución e que incluírá a seguinte información:<ol style="list-style-type: none">1. Fotografías, en soporte dixital ou papel, das actuacións no que conste a colaboración de Turismo de Galicia e a marca Galicia.2. En cumprimento do estipulado no anexo III do Regulamento (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural para o cal achego:<ul style="list-style-type: none">- Fotografías, en soporte dixital ou papel, do cartel ou carteis das actuacións, nos cales se aprecie a publicidade de cofinanciamento das actuacións con fondos Feader (75 % da subvención).- Fotografías, en soporte dixital ou papel, da placa ou placas explicativas permanentes coa publicidade sobre o financiamento das actuacións colocada en lugar visible no lugar das actuacións que deberá permanecer cando menos 5 anos.• Facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.• Anexo V: modelo de declaracións actualizado (un por cada membro da agrupación, asinado polo seu representante). <p>SOLICITO</p> <p>Que se proceda ao pagamento da subvención concedida.</p>			

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE			
Lugar e data			
<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de <input type="text"/>
		de	<input type="text"/>



Axencia Turismo de Galicia




 XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA

ANEXO VII

DECLARACIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

Que se presenta como membro dunha agrupación que solicita unha axuda para desenvolver o proxecto de cooperación entre pequenos operadores turísticos para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento e a comercialización do turismo:

TÍTULO DO PROXECTO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

- Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Que se compromete a cumprir as obrigas e requisitos que se sinalan no artigo 17 das bases reguladoras.
- Que en relación con outras axudas *de minimis* concedidas ou solicitadas:
 - Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda *de minimis* durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.
 - Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas *de minimis* para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 - Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 - Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

- Que a empresa a que representa cumpre cos criterios de definición de microempresa, segundo a definición establecida no artigo 2 do anexo I do Regulamento 651/2014, do 14 de xuño de 2014, polo que declaran diversas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do TFUE.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Axencia Turismo de Galicia


 FEADER:
 Europa inviste
 no rural

 XUNTA
 DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>